



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 274

IX lexislatura

16 de abril de 2014

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Rexeitamento da iniciativa

- 17628 (09/PNC-001455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reforma do mercado de Caranza, na cidade de Ferrol [65411](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Rexeitamento da iniciativa

- 17557 (09/PNC-001442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Fundación Semana Verde de Galicia e o desenvolvemento dun plan de ordenación da oferta feiral galega [65411](#)

- 20671 (09/PNC-001631)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan estratéxico para o desenvolvemento do sector agrogandeiro ecolóxico de Galicia

[65411](#)

- 20960 (09/PNC-001650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réxime extensivo

[65411](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

- 21924 - 16332 (09/PRE-003707)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o mantemento do centro de condución de trens de mercadorías da Coruña e da súa dotación de persoal, así como o aumento do transporte público de mercadorías por ferrocarril en Galicia, en particular na área da Coruña

[65419](#)

- 21923 - 16707 (09/PRE-003728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o estado de tramitación en que se atopa o Plan xeral de ordeñación municipal de Mondariz e os datos ao respecto

[65421](#)

- 21862 - 9861 (09/PRE-003778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a incidencia que vai ter en Galicia a aplicación do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo

[65423](#)

- 21865 - 14326 (09/PRE-004127)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar as demoras no pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas en paro

[65427](#)

- 21863 - 9842 (09/PRE-004251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a incidencia para a mocidade galega do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego

[65429](#)

- 21866 - 14327 (09/PRE-004699)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para o incremento dos medios persoais adscritos ao Fondo de Garantía Salarial para evitar as demoras no pagamento das indemnizacións ás persoas en paro

[65433](#)

- 21864 - 15656 (09/PRE-004831)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para o fortalecemento do Fondo de Garantía Salarial

[65435](#)

- 21871 - 15387 (09/PRE-004995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a data prevista para a publicación do decreto que regule as unidades de xestión clínica

[65437](#)

- 21861 - 17829 (09/PRE-005162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre o impacto na contratación do aumento das cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadoras autónomas, aprobado no Real decreto lei 16/2013, e as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da rectificación desta medida

[65439](#)

- 21925 - 17842 (09/PRE-005165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación en que se atopa a tramitación dun polígono industrial en Fontefría (Lousame)

[65441](#)

- 21858 - 19048 (09/PRE-005262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de ingresos do sector pesqueiro para afrontar as obrigas económicas contraídas

[65443](#)

- 21870 - 19265 (09/PRE-005273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e Acuña do Campo, María Carmen
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a supresión das barreiras arquitectónicas do Centro de Saúde de Corme e a súa dotación de accesibilidade para as persoas con problemas de mobilidade [65445](#)

- 21860 - 19758 (09/PRE-005345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a posible implantación nas deputacións provinciais dun sistema informático semellante ao Sistema de información de usuarios de servizos sociais, coñecido como SIUSS, os seus obxectivos e o traslado a estas dos datos dese sistema, así como a garantía da súa protección [65447](#)

- 21868 - 19928 (09/PRE-005359)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a situación do concerto que mantén a Consellería de Traballo e Benestar coa Residencia Valle-Inclán de Vilanova de Arousa para a xestión do servizo público de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia e as actuacións levadas a cabo para garantir os dereitos laborais do persoal e a prestación dun servizo de calidade ás persoas residentes [65449](#)

- 21867 - 19950 (09/PRE-005360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús e 2 máis

Sobre as denuncias referidas ao establecemento dun copagamento para os usuarios do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa de Ferrol para o financiamento do servizo de transporte [65453](#)

- 21869 - 20395 (09/PRE-005422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación da atención sanitaria na zona da Mariña de Lugo [65455](#)

- 21922 - 21088 (09/PRE-005472)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto presentado por Mineira de Corcoesto para a extracción de ouro e as intencións da Xunta de Galicia respecto da súa anulación [65457](#)

- 21927 - 21118 (09/PRE-005479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia no vertedoiro de residuos non perigosos derivado da mellora do Plan de restauración do espazo natural Canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela [65458](#)

- 21926 - 21164 (09/PRE-005482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención da demanda de diálogo formulada desde o ámbito municipal en relación co canon de tratamento do lixo en Sogama [65460](#)

- 21859 - 21176 (09/PRE-005486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o cumprimento polo Centro de Atención á Discapacidade Intelectual de Crecente da normativa vixente para a prestación dos servizos concertados pola Xunta de Galicia e as razóns do seu outorgamento a unha orde relixiosa [65461](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 11 de abril de 2014, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á corrección da consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego (refundición) (texto pertinente para efectos de EEE) [COM (2014) 167 final] [2014/0091 (COD)] {SWD 2014} 103 final} {SWD (2014) 104 final}

-09/UECS-000172 (22183)

Corrección da consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego (refundición) (texto pertinente para efectos de EEE) [COM (2014) 167 final] [2014/0091 (COD)] {SWD 2014} 103 final} {SWD (2014) 104 final} [65463](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 22 de abril de 2014, ás 10.00 horas) [65414](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Oficialía Maior, do 7 de abril de 2014, pola que se determina a compensación horaria do persoal do Parlamento de Galicia polo traballo realizado fóra do horario particular e fóra do horario de funcionamento da Administración parlamentaria [65417](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 15 de abril de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 17628 (09/PNC-001455)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reforma do mercado de Caranza, na cidade de Ferrol
BOPG nº 230, do 04.02.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 11 de abril de 2014, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 17557 (09/PNC-001442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Fundación Semana Verde de Galicia e o desenvolvemento dun plan de ordenación da oferta feiral galega
BOPG nº 230, do 04.02.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 20671 (09/PNC-001631)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan estratéxico para o desenvolvemento do sector agrogandeiro ecolóxico de Galicia

BOPG nº 257, do 20.03.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

- 20960 (09/PNC-001650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réxime extensivo
BOPG nº 261, do 26.03.2014

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2014

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 11 de abril de 2014, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 21924 - 16332 (09/PRE-003707)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o mantemento do centro de condución de trens de mercadorías da Coruña e da súa dotación de persoal, así como o aumento do transporte público de mercadorías por ferrocarril en Galicia, en particular na área da Coruña

BOPG nº 216, do 18.12.2013

- 21923 - 16707 (09/PRE-003728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o estado de tramitación en que se atopa o Plan xeral de ordenación municipal de Mondariz e os datos ao respecto BOPG nº 226, do 21.01.2014

- 21862 - 9861 (09/PRE-003778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a incidencia que vai ter en Galicia a aplicación do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo

- 21865 - 14326 (09/PRE-004127)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar as demoras no pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas en paro

- 21863 - 9842 (09/PRE-004251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a incidencia para a mocidade galega do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego

- 21866 - 14327 (09/PRE-004699)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para o incremento dos medios persoais adscritos ao Fondo de Garantía Salarial para evitar as demoras no pagamento das indemnizacións ás persoas en paro

- 21864 - 15656 (09/PRE-004831)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre as xestións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para o fortalecemento do Fondo de Garantía Salarial

- 21871 - 15387 (09/PRE-004995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a data prevista para a publicación do decreto que regule as unidades de xestión clínica

- 21861 - 17829 (09/PRE-005162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o impacto na contratación do aumento das cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadoras autónomas, aprobado no Real decreto lei 16/2013, e as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da rectificación desta medida

BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 21925 - 17842 (09/PRE-005165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación en que se atopa a tramitación dun polígono industrial en Fontefría (Lousame)

BOPG nº 232, do 06.02.2014

- 21858 - 19048 (09/PRE-005262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de ingresos do sector pesqueiro para afrontar as obrigas económicas contraídas

BOPG nº 240, do 19.02.2014

- 21870 - 19265 (09/PRE-005273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a supresión das barreiras arquitectónicas do Centro de Saúde de Corme e a súa dotación de accesibilidade para as persoas con problemas de mobilidade

BOPG nº 240, do 19.02.2014

- 21860 - 19758 (09/PRE-005345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a posible implantación nas deputacións provinciais dun sistema informático semellante ao Sistema de información de usuarios de servizos sociais, coñecido como SIUSS, os seus obxectivos e o traslado a estas dos datos dese sistema, así como a garantía da súa protección
BOPG nº 246, do 27.02.2014

- 21868 - 19928 (09/PRE-005359)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a situación do concerto que mantén a Consellería de Traballo e Benestar coa Residencia Valle-Inclán de Vilanova de Arousa para a xestión do servizo público de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia e as actuacións levadas a cabo para garantir os dereitos laborais do persoal e a prestación dun servizo de calidade ás persoas residentes

BOPG nº 251, do 07.03.2014

- 21867 - 19950 (09/PRE-005360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús e 2 máis

Sobre as denuncias referidas ao establecemento dun copagamento para os usuarios do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa de Ferrol para o financiamento do servizo de transporte

BOPG nº 251, do 07.03.2014

- 21869 - 20395 (09/PRE-005422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria na zona da Mariña de Lugo

BOPG nº 252, do 12.03.2014

- 21922 - 21088 (09/PRE-005472)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto presentado por Mineira de Corcoesto para a extracción de ouro e as intencións da Xunta de Galicia respecto da súa anulación

BOPG nº 262, do 27.03.2014

- 21927 - 21118 (09/PRE-005479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia no vertedoiro de residuos non perigosos derivado da mellora do Plan de restauración do espazo natural Canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela

BOPG nº 262, do 27.03.2014

- 21926 - 21164 (09/PRE-005482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención da demanda de diálogo formulada desde o ámbito municipal en relación co canon de tratamento do lixo en Sogama

BOPG nº 262, do 27.03.2014

- 21859 - 21176 (09/PRE-005486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o cumprimento polo Centro de Atención á Discapacidade Intelectual de Crecente da normativa vixente para a prestación dos servizos concertados pola Xunta de Galicia e as razóns do seu outorgamento a unha orde relixiosa

BOPG nº 262, do 27.03.2014

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 11 de abril de 2014, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á corrección da consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego (refundición) (texto pertinente para efectos de EEE) [COM (2014) 167 final] [2014/0091 (COD)] {SWD 2014} 103 final} {SWD (2014) 104 final}

-09/UECS-000172 (22183)

Corrección da consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento

Europeo e do Consello relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego (refundición) (texto pertinente para efectos de EEE) [COM (2014) 167 final] [2014/0091 (COD)] {SWD 2014} 103 final} {SWD (2014) 104 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 22183, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Corrección da Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego (refundición) (texto pertinente para efectos de EEE) [COM (2014) 167 final] [2014/0091 (COD)] {SWD 2014} 103 final} {SWD (2014) 104 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión de Asuntos Europeos e aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2014

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 22 de abril de 2014, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 22 de abril de 2014, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 11 de abril de 2014, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da Proposición de lei do Consello Consultivo de Galicia (doc. núm. 16735, PPL-000016).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 02.01.2014

Publicación da toma en consideración, BOPG nº 236, do 12.02.2014

Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, BOPG nº 237, do 13.02.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 246, do 27.02.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 252, do 12.03.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 256, do 19.03.2014

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 262, do 27.03.2014

Publicación da designación da Ponencia, BOPG nº 270, do 10.04.2014

Publicación do informe da Ponencia, BOPG nº 270, do 10.04.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 273, do 15.04.2014

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27

de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (doc. núm. 21335, 09/PL-000017).

Publicación do acordo, BOPG nº 260, do 25.03.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 265, do 02.04.2014

Publicación e asignación á Comisión, BOPG nº 266, do 03.04.2014

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, BOPG nº 269, do 09.04.2014

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei formulada polo G.P. Mixto, de modificación da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se regula unha rede de apoio á muller embarazada (doc. núm. 19052, 09/PPL-000021).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 20.02.2014

Punto 2. Comparecencias en pleno

19411 (09/CPP-000149)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias Da Sra. conselleira de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a Estratexia galega contra a obesidade infantil. Plan Xermola

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

Punto 3. Mocións

3.1 22095 (09/MOC-000068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre o sistema de préstamo universal dos libros de texto. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 19518, publicada no BOPG núm. 245, do 26.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 08.04.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

3.2 22154 (09/MOC-000069)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre o sector da construción naval. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 12585, publicada no BOPG núm. 166, do 25.09.2013, e debatida na sesión plenaria do 08.04.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

3.3 22160 (09/MOC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre a nova carteira de servizos en materia de inclusión social. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 15514, publicada no BOPG núm. 204, do 28.11.2013, e debatida na sesión plenaria do 08.04.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 17194 (09/PNP-001236)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da conmemoración no ano 2014 do trixésimo quinto aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

4.2 20180 (09/PNP-001399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a creación dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas e a determinación de responsabilidades no accidente de Angrois e sobre o estado das infraestruturas ferroviarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

4.3 20429 (09/PNP-001408)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo, e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar os salarios e loitar contra a precariedade laboral da mocidade, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de incentivación para a creación de traballo cualificado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

4.4 21151 (09/PNP-001449)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral en que se atopan os bombeiros da empresa concesionaria Nanutechnia, o desenvolvemento da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de

Galicia, e a recuperación da xestión dos parques de bombeiros privatizados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 26.03.2014

4.5 21221 (09/PNP-001453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, e dous deputados/as máis
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan de xestión do solo industrial, así como a elaboración dun programa de incentivos e axudas para as empresas e os emprendedores que se instalen neses polígonos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 26.03.2014

4.6 21511 (09/PNP-001478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, co fin de definir a figura de persoa consumidora vulnerable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

4.7 21785 (09/PNP-001504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia das actuacións necesarias para incorporar cláusulas de carácter social nos pregos das súas contratacións públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

4.8 21814 (09/PNP-001505)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facilitar o acceso das familias galegas aos libros de texto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1 15216 (09/INT-000518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis
Sobre a reforma da Administración de Xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 20.11.2013

5.2 16162 (09/INT-000568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre implantación en Galicia das unidades de xestión clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 16.12.2013

5.3 21000 (09/INT-000727)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa
Sobre as consecuencias da posible sobreproducción de leite na campaña 2013-2014

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 26.03.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 (22185) 09/POPX-000071

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis
Sobre a valoración da xestión do Goberno galego nos últimos cinco anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

6.2 (22234) 09/POPX-000072

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a evolución do nivel de vida da poboación galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

6.3 (22235) 09/POPX-000073

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda
Sobre a rectificación da política económica e social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 22111 (09/PUP-000105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto en Galicia da redacción que presenta o Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

7.2 22131 (09/PUP-000106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula, e sete deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego do informe do Ministerio de Xustiza respecto do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

7.3 21645 (09/POP-001915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á tributación das persoas con pensións da emigración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

7.4 21462 (09/POP-001898)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia, e Camino Copa, Ángel
Sobre a valoración da Xunta de Galicia das medidas necesarias para a mellora do sistema de saneamento e depuración de augas residuais do concello de Monforte de Lemos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

7.5 21646 (09/POP-001916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quintas Álvarez, María Remedios, e catro deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar o problema de saúde pública que presenta o abastecemento de auga do concello ourensán de Punxín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

7.6 21539 (09/POP-001903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia de demanda comercial para o establecemento doutra gran superficie comercial en Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 269, do 09.04.2014

7.7 22161 (09/PUP-000107)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da política de recortes e privatizacións que está levar a cabo a Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 273, do 15.04.2014

7.8 20320 (09/POP-001796)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva
Sobre a política do Goberno galego en materia de dereito á saúde sexual e reprodutiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Oficialía Maior, do 7 de abril de 2014, pola que se determina a compensación horaria do persoal do Parlamento de Galicia polo traballo realizado fóra do horario particular e fóra do horario de funcionamento da Administración parlamentaria

A xornada semanal laboral e o horario do persoal e de funcionamento da Administración parlamentaria están regulados mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 1 de abril de 2014 (BOPG nº 267, do 4 de abril), polo que se aproban as Normas reguladoras da xornada laboral semanal e o horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.

O artigo 13 das citadas normas establece o horario de funcionamento da Administración Parlamentaria, que será o comprendido entre as 8.00 e as 20.00 horas.

No artigo 5, referido a horarios particulares do persoal da Administración do Parlamento, establécese que os servizos extraordinarios realizados fóra do horario particular do persoal e durante o horario de funcionamento do Parlamento darán lugar a unha compensación horaria.

Así mesmo, no parágrafo 6 establécese que o traballo realizado fóra do horario de funcionamento da Administración do Parlamento ao que fai referencia o artigo 13 das normas dará lugar a unha compensación horaria ou económica, á súa elección.

A disposición adicional única do Acordo atribúe ao letrado oficial maior a competencia para o establecemento do réxime da compensación horaria para o traballo realizado fóra do horario particular e para o traballo realizado fóra do horario de funcionamento da Administración parlamentaria.

De acordo co anterior,

RESOLVO:

Fixar os seguintes módulos de compensación horaria:

1) De luns a venres, fóra do horario particular e entre as 8.00 e as 20.00 horas será dunha hora por cada hora de servizos extraordinarios prestados.

2) De luns a venres, entre as 20.00 e as 8.00 horas será dunha hora e trinta minutos por cada hora de servizos extraordinarios prestados.

3) Os sábados e festivos será de dúas horas por cada hora de servizos extraordinarios prestados.

Comuníquese esta resolución ao persoal dependente desta Oficial Maior e mais á Dirección de Xestión Parlamentaria, á Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos e á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior para a súa difusión entre todo o persoal.

Dispóñase a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014



Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16332**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o mantemento do centro de condución de trens de mercadorías da Coruña e da súa dotación de persoal, así como o aumento do transporte público de mercadorías por ferrocarril en Galicia, en particular na área da Coruña”**, (publicada no BOPG número 216, do 18 de decembro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A planificación da prestación dos servizos ferroviarios é unha cuestión que lle compete en exclusiva á entidade pública empresarial RENFE Operadora, adscrita ao Ministerio de Fomento, que debe xestionar os servizos de transporte de viaxeiros e mercadorías atendendo a criterios de seguridade, calidade, eficiencia, rendibilidade e innovación, conforme ao seu papel de servizo público e co obxectivo de mellorar a cota de mercado do ferrocarril como operador ferroviario de referencia.

O goberno galego ten manifestado en múltiples ocasións o seu interese polo fomento do transporte ferroviario, tanto de viaxeiros coma de mercadorías, ao consideralo un dos medios de transporte con maiores vantaxes enerxéticas, ambientais e de seguridade. En concreto, e no que se refire ao transporte ferroviario de mercadorías, a Xunta de Galicia sempre ofreceu a súa colaboración para contribuír a potenciar a devandita alternativa de transporte, entendendo que con iso se axudaba a reducir os custos loxísticos e, en definitiva, a mellorar a competitividade do tecido industrial de Galicia.

Por último, e en relación coa adscrición do persoal dependente da citada entidade pública, a Xunta de Galicia, como é obvio, non ten participación na súa xestión e non dispón, en consecuencia, de atribucións nesa materia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2014
Num. <u>21923</u>

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 ABR. 2014
S A I D A
Num. / <u>501</u>

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 16707**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o estado de tramitación en que se atopa o Plan xeral de ordenación municipal de Mondariz e os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 226, do 21 de xaneiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O concello de Mondariz ten aprobado inicialmente o proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), que foi sometido ao trámite de información pública. Simultaneamente o concello solicitoulle ás distintas administracións a emisión dos informes sectoriais, cuxas resultas están sendo analizadas e incorporadas ao documento, así como aquelas alegacións que finalmente foran aceptadas.

Na actualidade o concello está a redactar a proposta de Memoria Ambiental para presentar á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Logo de rematada a tramitación ambiental do PXOM o concello de Mondariz estará en condicións de someter o documento a aprobación provisional e a continuación remitilo á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

O concello de Mondariz non aprobou inicialmente o PXOM antes da entrada en vigor da Lei 2/2010. Esta decisión tivo consecuencias no retraso da tramitación do PXOM.

Nas xuntanzas celebradas para avanzar na tramitación do PXOM estiveron presentes representantes das administracións local e autonómica, técnicos e o equipo redactor do documento de planeamento.


Correspóndello ao Concello de Mondariz, como atribución específica, establecer a ordenación, así como asignar clase e categoría ao solo do seu termo municipal, en coherencia coas condicións xerais establecidas no artigo 52 da LOUG, e en base ao réxime urbanístico do solo establecido no título I da citada Lei. O labor de fiscalización por parte da Consellería no relativo á conformidade da clasificación do solo coa lexislación urbanística vixente corresponde facela coa aprobación definitiva do documento, trámite que polo momento non se ten iniciado.

Cómpre indicar que o procedemento para a aprobación definitiva dun PXOM, regulado no punto 9 do artigo 85 da LOUG, é o mesmo para todos os concellos que fan a súa tramitación, dispoñan ou non de axuda. Neste senso, a contestación das alegacións e o contido das mesmas, trámite de competencia exclusivamente municipal, dáse a coñecer coa entrada en vigor da aprobación definitiva do PXOM.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A circular stamp of the Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia, is visible. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" at the top, "PARLAMENTO DE GALICIA" at the bottom, and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS" around the inner edge. In the center of the stamp is the coat of arms of Galicia. A handwritten signature in black ink is written over the stamp and extends to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9861**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a incidencia que vai ter en Galicia a aplicación do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo”**, (publicada no BOPG número 143 do 30 de xullo de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“No Acordo Social e Económico (ASE) para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, subscrito o 2 de febreiro de 2011, o Goberno, as organizacións sindicais (CC.OO. e UGT) e as organizacións empresariais (CEOE e CEPYME) comprometeron a elaboración dunha Estratexia Global para o Emprego das persoas traballadoras de máis idade que inclúa medidas en materia de emprego, formación e condicións de traballo, cos obxectivos de favorecer o mantemento no mercado de traballo destas persoas e promover a reincorporación ao mesmo daquelas que perden o seu emprego nos últimos anos da súa vida laboral.

A Estratexia Global para o Emprego dos traballadores e as traballadoras de máis Idade (Estratexia 55 e máis) constitúe o instrumento para establecer o marco xeral das políticas que se dirixan a favorecer o emprego das persoas de máis idade, considerándose como tales aos traballadores e ás traballadoras de máis de 55 anos, sen prexuízo de que determinadas medidas que se inclúen na Estratexia poidan ter unha idade de aplicación máis temperá.



E, ademais, supón o marco xeral de actuación das Administracións Públicas tanto a curto, como a medio prazo, no período 2012-2014, coincidindo, pois, o seu período de vixencia co da Estratexia Española de Emprego prevista tamén no ASE e no Real Decreto-lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego. O Real Decreto lei 5/2013, ven tamén a dar resposta a esta estratexia global para os traballadores de máis idade.

Así, o capítulo I deste Real Decreto-lei regula a compatibilidade entre a percepción dunha pensión de xubilación e o traballo por conta propia ou allea para favorecer o alongamento da vida activa e aproveitar en maior medida os coñecementos e experiencia destes traballadores. Esta posibilidade, moi restrinxida no ordenamento español ata a data, é habitual nas lexislacións de países do noso entorno. Permítese así, que aqueles traballadores que accederon á xubilación ao alcanzar a idade legal, e que contan con longas carreiras de cotización, poidan compatibilizar o emprego a tempo completo ou parcial co cobro do 50% da pensión, cunhas obrigacións de cotización social limitadas.

Así mesmo, a principal novidade que se introduce consiste en esixir a achega económica ás empresas que utilicen a idade como criterio preferente de selección dos traballadores obxecto de despedimento. De modo que, se penalizará a aquelas empresas en que a porcentaxe de traballadores despedidos de cincuenta ou máis anos sobre o total de despedimentos sexa superior á porcentaxe que os traballadores desa idade representan sobre o total do persoal da empresa.


Con esta nova regulación preténdese cumprir dunha forma máis eficaz cos obxectivos sociais e orzamentario para os que a achega económica foi creada, e persegue desincentivar o despedimento dos traballadores de cincuenta ou máis anos unicamente por razón da súa idade, promovendo a súa recolocación e compensando o impacto que estes despedimentos xeran sobre o sistema público de protección por desemprego.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14326**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar as demoras no pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas en paro”**, (publicada no BOPG número 190 do 6 de novembro de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A finalidade básica para a que foi creado o FOGASA é a de Institución de garantía dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o abono aos traballadores dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por atoparse en situación legal insolvencia, ou por ser declaradas en situación de concurso.

Convén lembrar que o FOGASA é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social con personalidade xurídica propia. O Goberno galego non ten competencia sobre dito organismo autónomo, nin nas súas funcións nin na súa carga de persoal.

Coñecedora a Xunta da situación de retraso na tramitación dos expedientes do FOGASA, está a facer un seguimento dos mesmos. Á vez que, a Xunta, ten constancia de que o FOGASA ten posto en marcha mecanismos para axilizar a tramitación. Así, o FOGASA puxo en marcha un Plan de choque, no que as provincias da Coruña e Pontevedra están estre as prioritarias, precisamente por estar entre as que máis retraso acumulan.


Este Plan de choque, posto en marcha en novembro, ten como obxectivo axilizar a tramitación dos expedientes e poder darlle resposta o antes posible. Polo tanto, aínda é pronto para facer unha valoración do Plan, pero este Goberno estará moi pendente dos resultados.”

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
- 7 ABR. 2014
Núm. 21865

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9842**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a incidencia para a mocidade galega do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego”**, (publicada no BOPG número 143 do 30 de xullo de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Real Decreto-Lei 4/2013 establece unha serie de medidas para favorecer o crecemento e o emprego, a través da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xove. Entre as medidas propostas atópanse:

- Estender os programas formativos dirixidos á obtención dos certificados de profesionalidade e os programas formativos con compromiso de contratación. Nesta liña, na nosa Comunidade desde o ano 2009, incrementouse a formación ligada á obtención de certificados de profesionalidade. Unha aposta decidida deste Goberno por mellorar a empregabilidade dos nosos traballadores, tal é así que xa se teñen outorgado máis de 36.000 certificados de profesionalidade, un feito que nos sitúa á cabeza das autonomías en formación certificada.
- Desenvolvemento de programas para que os desempregados que abandonaron de forma prematura os seus estudos poidan obter o título de ESO. Establécese un sistema de axudas/bolsas en función da renda familiar.
- Compatibilizar a prestación por desemprego co alta no RETA.



- Ampliar as posibilidades de capitalización do desemprego: para facer unha achega ao capital social dunha sociedade mercantil, con vinculación laboral ou profesional; adquirir servizos de asesoramento, formación e información; iniciativas de seguimento e apoio polos SPE.
- Mellora do financiamento para emprendedores. Nesta liña, desde a Xunta apóiase especialmente aos traballadores autónomos e emprendedores. Para iso, blíndanse os orzamentos que a Consellería de Traballo e Benestar dedica aos traballadores por conta propia e á creación de novos proxectos de negocio na nosa Comunidade, con 25 millóns de euros para este obxectivo.
- Incentivo á contratación de persoas con experiencia (maiores de 45 anos PLD ou beneficiarios do PREPARA) por parte de mozos emprendedores.
- Fomento da Economía Social e do emprendemento colectivo.
- Bonificación do contrato a tempo parcial con vinculación formativa de menores de 30 anos, sen experiencia laboral ou con experiencia laboral inferior a tres meses ou que a teñan noutros sectores. Débese compatibilizar o emprego con formación acreditada, convocada polos SPE ou formación en idiomas e novas tecnoloxías da información.

Nesta liña, enténdese que todas estas medidas redundarán nunha mellor formación e, polo tanto, nunha mellor empregabilidade dos nosos traballadores. Desde a Xunta estanse apostando de forma decidida por mellorar a empregabilidade de todos os traballadores da nosa Comunidade e por apoiar especialmente a aqueles que se atrevan a emprender un negocio, sempre co obxectivo de reducir as cifras de desemprego de Galicia.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA


- 7 ABR. 2014

Núm. 21863

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14327**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para o incremento dos medios persoais adscritos ao Fondo de Garantía Salarial para evitar as demoras no pagamento das indemnizacións ás persoas en paro”**, (publicada no BOPG número 190 do 6 de novembro de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A finalidade básica para a que foi creado o FOGASA é a de Institución de garantía dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o abono aos traballadores dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por atoparse en situación legal insolvencia, ou por ser declaradas en situación de concurso.

Convén lembrar que o FOGASA é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social con personalidade xurídica propia. O Goberno galego non ten competencia sobre dito organismo autónomo, nin nas súas funcións nin na súa carga de persoal.

Coñecedora a Xunta da situación de retraso na tramitación dos expedientes do FOGASA, está a facer un seguimento dos mesmos. Á vez que, a Xunta, ten constancia de que o FOGASA ten posto en marcha mecanismos para axilizar a tramitación. Así, o FOGASA puxo en marcha un Plan de choque, no que as provincias da Coruña e Pontevedra están estre as prioritarias, precisamente por estar entre as que máis retraso acumulan.




Este Plan de choque, posto en marcha en novembro, ten como obxectivo axilizar a tramitación dos expedientes e poder darlle resposta o antes posible. Polo tanto, aínda é pronto para facer unha valoración do Plan, pero este Goberno estará moi pendente dos resultados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15656**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Juan Manuel Fajardo Recouso, sobre **“as xestións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para o fortalecemento do Fondo de Garantía Salarial”**, (publicada no BOPG número 211 do 10 de decembro de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A finalidade básica para a que foi creado o FOGASA é a de Institución de garantía dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o abono aos traballadores dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por atoparse en situación legal insolvencia, ou por ser declaradas en situación de concurso.

Convén lembrar que o FOGASA é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social con personalidade xurídica propia. O Goberno galego non ten competencia sobre dito organismo autónomo, nin nas súas funcións nin na súa carga de persoal.

Coñecedora a Xunta da situación de retraso na tramitación dos expedientes do FOGASA, está a facer un seguimento dos mesmos. Á vez que, a Xunta, ten constancia de que o FOGASA ten posto en marcha mecanismos para axilizar a tramitación. Así, o FOGASA puxo en marcha un Plan de choque, no que as provincias da Coruña e Pontevedra están estre as prioritarias, precisamente por estar entre as que máis retraso acumulan.


Este Plan de choque, posto en marcha en novembro, ten como obxectivo axilizar a tramitación dos expedientes e poder darlle resposta o antes posible. Polo tanto, aínda é pronto para facer unha valoración do Plan, pero este Goberno estará moi pendente dos resultados.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15387**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a data prevista para a publicación do decreto que regule as unidades de xestión clínica”**, (publicada no BOPG número 204 do 28 de novembro de 2013), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2013, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O decreto 36/2014, do 29 de marzo, polo que se regulan as área de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde foi publicado no DOG número 57, do 24 de marzo de 2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17829**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“o impacto na contratación do aumento das cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadores autónomas, aprobado no Real decreto lei 16/2013, e as previsión do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da rectificación desta medida”**, (publicada no BOPG número 232, do 6 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central acaba de subir a cotización dos autónomos que teñan contratados a dez ou máis traballadores, sendo neste caso a base mínima de cotización de igual contía que para un traballador encadrado no Grupo I de cotización do Réxime Xeral da Seguridade Social. Hai que ter en conta que coa base anterior podería haber asalariados a cargo dun autónomo que cotizaran en maior contía que o propio autónomo.

Nesta liña, hai que salientar que unha maior cotización por parte deste colectivo tamén mellora as pensións futuras.

Dende a Xunta de Galicia, entendemos que esta situación non vai afectar a futuras contratacións, xa que as empresas procederán a contratar traballadores sempre e cando os necesiten para a labor e o crecemento da propia empresa. Debemos ter en conta que a suba da cotización concéntrase exclusivamente no autónomo que contrata, pero non nos traballadores contratados que non modifican a súa cotización.

Por outra banda, a Xunta de Galicia leva desde o ano 2009 apoiando de forma decidida aos traballadores autónomos e aos emprendedores. Boa mostra disto é que a Consellería de Traballo e Benestar dedica nos orzamentos deste ano 25 millóns de euros aos traballadores por conta propia e á creación de novos proxectos de negocio na nosa Comunidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 7 ABR. 2014

Núm. 21861


Un apoio que, ademais, a Consellería de Traballo e Benestar vén de incrementar no caso concreto das persoas mozas para incentivar, aínda máis, que se animen a emprender unha idea propia. Para eles, introdúcese unha medida novidosa, por primeira vez os mozos e mozas menores de 30 anos que se constitúan como autónomos, e cuxa actividade non supoña unha forte inversión, recibirán 1.200 euros.

Esta medida está contemplada no Plan de Emprego Xuvenil, que ten como obxectivo mellorar as oportunidades de acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 8 ABR. 2014

Num. 21925



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17842**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a situación en que se atopa a tramitación dun polígono industrial en Fontefría (Lousame)”**, (publicada no BOPG número 232, do 6 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O plan de sectorización Fontefría 1 foi remitido polo concello de Lousame (A Coruña) á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o seu informe previo á aprobación definitiva, conforme ao artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitiu o informe solicitado, dentro do prazo legal correspondente, o día 10 de abril de 2013. No devandito informe sinalanse unha serie de aspectos que deben ser concretados e resoltos no plan de sectorización, que deberán ser cumprimentados con anterioridade á aprobación definitiva do plan polo Pleno do Concello.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excmá. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19048**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en relación coa paralización da actividade, as perdas sufridas e a falta de ingresos do sector pesqueiro para afrontar as obrigas económicas contraídas”**, (publicada no BOPG número 240, do 19 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia destina este ano máis de 5 millóns de euros a contribuír coa subscrición de seguros de danos no sector primario. A Xunta actuou de xeito áxil e se está a traballar de xeito paralelo ao Goberno Central dende principios de xaneiro, momento en que comezaron a se producir os temporais.

Unha das medidas que xa se conseguiu é o aprazamento e flexibilización do pagamento das cotas sociais ao Instituto Social da Mariña. Isto debe ser solicitado por cada interesado ante o ISM. As outras actuacións nas que está traballando son a busca de créditos brandos para o financiamento de liquidez e a realización de reparacións en aparellos e embarcacións, o pagamento fraccionado de taxas autonómicas e a avaliación do estado dos recursos marisqueiros.

Ademais, xa existen medidas e axudas de emerxencia incluídas no Real Decreto Lei 2/2014, publicado o 22 de febreiro no Boletín Oficial do Estado, que establece unha serie de actuacións en infraestruturas municipais, na rede viaria das deputacións provinciais, actuacións na costa, no dominio público hidráulico e en infraestruturas rurais para reparar os danos causados nos primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica.

- 7 ABR. 2014

Núm. 21858


O Real Decreto tamén contén beneficios fiscais aos que, entre outros, se poden acoller os establecementos marítimo-pesqueiros danados coma consecuencia destes fenómenos adversos.

Para maior información, pode o señor deputado analizar o contido da resposta con número 19050, tramitada na Comisión 8ª do 5 de marzo de 2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19265**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e dona María Soledad Soneira Tajés, sobre **“a data prevista pola Xunta de Galicia para a supresión das barreiras arquitectónicas do Centro de Saúde de Corme e a súa dotación de accesibilidade para as persoas con problemas de mobilidade”**, (publicada no BOPG número 240, do 19 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A obra para construír a rampa de anexo xa foi analizada polos técnicos e vaise realizar de forma inmediata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19758**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Gallego Calvar, sobre **“a posible implantación nas deputacións provinciais dun sistema informático semellante ao Sistema de información de usuarios de servizos sociais, coñecido como SIUSS, os seus obxectivos e o traslado a estas dos datos dese sistema, así como a garantía da súa protección”**, (publicada no BOPG número 246, do 27 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:


“A Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias, xa ten aprobado un Plan Estratégico para a Modernización dos Servizos Sociais, o Plan Trabe, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en outubro do 2013.

Este Plan inclúe entre os proxectos de maior prioridade a construción efectiva da ‘Historia Social Única’ (HSU) e o do sistema de ‘Xestión dos servizos sociais comunitarios’.

A calquera administración que lle traslade á Xunta de Galicia a intención de desenvolver sistemas para a xestión dos servizos sociais no ámbito municipal, indícaselle que reoriente o seu proxecto de desenvolvemento de sistemas de información de servizos sociais no ámbito municipal, non á implantación dunha plataforma que se solaparía coa estratexia actual de la Xunta, senón a realización de actuacións tecnolóxicas complementarias.

A compartición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas entre Administracións é un dos piares da estratexia tecnolóxica da Xunta para ofrecer aos cidadáns uns servizos dixitais públicos de calidade, garantindo a interoperabilidade entre administracións e o acceso en igualdade de condicións a todos os usuarios, independentemente do lugar onde vivan.

Sobre esta filosofía estanse a abordar as iniciativas tecnolóxicas orientadas a mellorar áreas de importancia estratéxica para o cidadán como é a do benestar, para reducir custos, evitando a



duplicidade de investimentos. E desde esta perspectiva formulase a cooperación entre institucións públicas co dobre obxectivo de conseguir unha administración máis eficiente e que dea resposta ás necesidades dos cidadáns dun xeito máis áxil.

Neste senso, esta administración trasladoulle a Deputación de Pontevedra as liñas do Plan Estratéxico para a Modernización dos Servizos Sociais - Plan Trabe, co obxectivo de acadar sinerxias entre as actuacións de 'Potenciación dos servizos sociais' do proxecto 'DepoTIC' e as do Plan Trabe. Calquera outra administración provincial que teña iniciativas tecnolóxicas neste ámbito pode validar coa Xunta o aliñamento destas coa estratexia autonómica.

Nesta liña, os responsables dos ficheiros son os propios concellos. Así, esta administración autonómica non accede aos datos de carácter persoal que os servizos sociais municipais rexistran no SIUSS nin llos facilita ás deputacións provinciais.

Como xa se expuxo, os responsables dos ficheiros do sistema SIUSS son os propios concellos, e polo tanto do cumprimento rigoroso da normativa de protección de datos de carácter persoal no eido dos servizos sociais, e da adopción de medidas de seguridade. Estas medidas deben ser implementadas por parte das administracións locais, en coordinación co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
- 7 ABR. 2014
Num. 21868

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 ABR. 2014
SAIDA
Num. 1483

RS/ms


En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19928**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Viliamarín e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación do concerto que mantén a Consellería de Traballo e Benestar coa Residencia Valle-Inclán de Vilanova de Arousa para a xestión do servizo público de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia e as actuacións levadas a cabo para garantir os dereitos laborais do persoal e a prestación dun servizo de calidade ás persoas residentes”**, (publicada no BOPG número 251, do 7 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Despois das explicacións dadas no Parlamento, a través da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, o que fixo a Consellería de Traballo e Benestar foi dar un prazo de 15 días requirindo a formalización da cesión na xestión do servizo por parte de Viaxes Silgar S.A; este requirimento non foi atendido.

Paralelamente, á Consellería foille comunicada a sentenza ditada polo Xulgado do mercantil nº 1 de Pontevedra *-na que se declara o inicio da fase de liquidación de Viaxes Silgar (novembro de 2013)-* polo tanto, quedan en suspenso as facultades de administración e disposición do concursado, ademais de declarar disolta dita empresa.

Ao mesmo tempo, noméase administrador concursal con quen, a partir deste nomeamento, mantén a interlocución a Consellería de Traballo e Benestar. Polo tanto, desde ese momento este é o único interlocutor válido para a Consellería, non séndoo ningunha das empresas ás que se fai referencia na iniciativa.

Ante isto, a Xunta resolveu o contrato que tiña firmado con esta empresa para a xestión de 110 prazas residenciais, a través da modalidade de concerto. Así, de forma inmediata, a Consellería de Traballo e Benestar iniciou a tramitación dun novo contrato para garantir as



110 prazas públicas para que as persoas que as están ocupando poidan seguir dispoñendo deste recurso.

Durante este período transitorio, a Consellería de Traballo e Benestar está garantindo a prestación do servizo. Para iso, Benestar está a desenvolver as actuacións necesarias para preservar a atención adecuada que merecen todos os usuarios.

Ademais, o 16 de decembro a Consellería recibiu un escrito do Xulgado comunicando a conta de consignacións onde a Consellería debía aboar os importes adebedados polos servizos dispensados na residencia ata o momento no que se formalice o novo contrato. Esta medida favorece aos empregados xa que ata ese momento os embargos da AEAT, da TXSS e da ATRIGA obrigaron a que a Consellería aboara a mensualidade de setembro á Seguridade Social, impedindo que os cartos chegaran aos traballadores. É importante destacar este aspecto, posto que as transferencias realízanse a través da conta indicada polo Xulgado, non na conta das empresas.

Así, o pasado 11 de marzo publicouse no DOG a Resolución de 5 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se anuncia a contratación da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia no Concello de Vilanova de Arousa e, subsidiariamente noutros concellos da provincia de Pontevedra.

Precisamente, a licitación tramitouse pola vía de urxencia dada a necesidade de garantir a continuidade na prestación do servizo e segundo se recolle nas bases, por suposto terán preferencia no concurso aquelas empresas que ofrezan o servizo na propia localidade de Vilanova de Arousa.

A prioridade da Xunta son os 110 usuarios da residencia Valle-Inclán e a atención que reciben, polo que se está a velar en todo momento polo seu benestar.

No que se refire aos traballadores do centro, estamos ante unha cuestión que depende en exclusiva da empresa licitadora e xestora do servizo, un conflito laboral que debe tratarse



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

-7 ABR. 2014

Núm. 21868

entre ambas partes. Por suposto, sempre que haxa unha sentenza xudicial firme esta debe acatarse.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms


En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19950**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e varios/as deputados/as máis, sobre **“as denuncias referidas ao establecemento dun copagamento para os usuarios do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa de Ferrol para o financiamento do servizo de transporte”**, (publicada no BOPG número 251, do 7 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Dende o 1 de xaneiro de 2014, a Consellería de Traballo e Benestar incorporou a todas as prazas de atención diúrna destinadas a persoas con discapacidade, a prestación do servizo de transporte regular.

O desprazamento ao centro e o posterior retorno ao fogar do usuario, non era unha prestación contemplada no prego aínda que a empresa decidiu ofertala a parte dos usuarios. Non obstante, había usuarios que acudían ao centro a través do Servizo do 065, e que polo tanto o facían gratuitamente (cabe lembrar que o obxectivo do 065 non é un transporte regular aos centros, senón un transporte puntual).

A incorporación de financiamento público ás prazas de atención diúrna para garantir un transporte regular, era unha vella reivindicación das entidades do sector, que viñan solventando a necesidade do desprazamento ao centro de día ou ao centro ocupacional a través de fórmulas diversas, pero sen contar con apoio público.

Coa entrada en vigor do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, regúlase o servizo de transporte adaptado e asistido que, na súa modalidade de regular, presenta unhas regras de copagamento segundo a capacidade económica da persoa.



Así a Xunta pasa agora a financiar o transporte prestado polas entidades de discapacidade onde hai prazas concertadas da Xunta. É dicir, non se deixa sen financiar o transporte regular, todo o contrario, a Xunta pon o orzamento para que cada entidade xestione este servizo.

A participación no custo do transporte realízase sempre de acordo coa capacidade económica do usuario. As porcentaxes de participación van desde o 8% (para persoas con pensións de ata o 75% do IPREM), ata o 12% da capacidade económica (para persoas con pensións superiores ao 284,81% do IPREM). En todo caso, sexa cal fose a capacidade económica da persoa usuaria, a cantidade a aboar en concepto de transporte, non podería ser superior ao 65% do custe do servizo, custe que se cifra en 9 euros per persoa e día. Naqueles casos nos que o usuario non ten ingresos, non paga nada polo transporte, asumindo a Administración a súa totalidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A large, stylized handwritten signature in black ink, appearing to read "Gonzalo José Ordóñez Puime".

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

- 7 ABR. 2014

NUM. 21869

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20395**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación da atención sanitaria na zona da Mariña de Lugo”**, (publicada no BOPG número 252, do 12 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Conselleira de Sanidade deu información sobre as actuacións da melloras realizadas e os logros conseguidos dende a publicación do Decreto que regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, así como das ventaxes desta modalidade de xestión.


Dende outubro de 2013 está funcionando a Unidade de Hospilización a Domicilio, que comenzou de forma piloto localizada nuns concellos, pero que a día de hoxe xa dá cobertura a toda a Mariña.

Outra das áreas a destacar é a de endoscopias, coa remodelación da área de endoscopia dixestiva, con renovación de espazos, e a dotación de material e reforzo de persoal.

Desta maneira mellora a realización de endoscopias dixestivas, e tamén a de broncoscopias, pois isto significa mellor servizo aos pacientes, que esperarán menos tempo, e terán que realizar menos desprazamentos.

Tamén se adquiriu novo equipamento, como unha nova torre de laparoscopia para o quirófano de Uroloxía.

Realizáronse obras en Urxencias para facer posible a implantación da triaxe Manchester, para o que ademáis se dotaron 3 prazas de enfermía.



Iniciáronse as obras para dotar ao centro de futura área de administración de tratamentos oncolóxicos.


Hai un novo especialista en oftalmoloxía, e realizouse o programa de retinografía. Tamén se traballa para a posta en marcha de tratamento con láser.

Seguirase traballando cos profesionais do Hospital de Burela para ofrecer a mellor atención posible e en datas próximas publicarásese a licitación do proxecto de execución do hospital."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21088**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“a vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto presentado por Mineira de Corcoesto para a extracción de ouro e as intencións da Xunta de Galicia respecto da súa anulación”**, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto ao que se refire a pregunta mantén a súa vixencia, sen prexuízo de que careza de efectos prácticos ao terse denegado a autorización substantiva da explotación mineira por razóns estritamente técnico-económicas alleas ao ámbito ambiental.

A pesar de carecer de efectos prácticos, non procede deixar sen efecto a DIA, tendo en conta que non concorre causa legal para iso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21118**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos ás inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia no vertedoiro de residuos non perigosos derivado da mellora do Plan de restauración do espazo natural Canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental leve realizado doce inspección a este vertedoiro desde finais do ano 2011.

A teor da información ofrecida pola inspección ambiental, a empresa xestora está a facer, en xeral, unha xestión correcta do vaso de vertido.

Por parte da citada Secretaría Xeral non se teñen observado incumprimentos en relación coa referida resolución do 1 de febreiro de 2008.

Finalmente, segundo o informado pola inspección ambiental, a xestión do vertedoiro adecúase ao establecido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21164**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención da demanda de diálogo formulada desde o ámbito municipal en relación co canon de tratamento do lixo en Sogama”**, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia mantense aberta ao diálogo cos entes locais a través da entidade que os representa, a Federación Galega de Municipios e Provincias e proba de iso son as catro reunións que se mantiveron entre os máximos responsables da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas cos representantes da citada Federación para abordar este asunto ao que se refire á pregunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

- 7 ABR. 2014

Núm. 21859

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 4 ABR. 2014

SAIDA

Num. 7434

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 21176, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre “**o cumprimento polo Centro de Atención á Discapacidade Intelectual de Crecente da normativa vixente para a prestación dos servizos concertados pola Xunta de Galicia e as razóns do seu outorgamento a unha orde relixiosa**”, (publicada no BOPG número 262, do 27 de marzo de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:


“A entidade á que fai referencia esta iniciativa presta atención a un total de 60 persoas en réxime residencial no centro que xestiona en Crecente. Estamos a falar de persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas, moitas das cales non teñen familia.

A entidade de referencia conta cun centro residencial autorizado pola Consellería de Traballo e Benestar, polo que se atopa en condicións de poder levar a cabo a xestión dun servizo público residencial, concertado pola Xunta de Galicia, nos termos previstos polo artigo 29 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, despois de levar a cabo as reformas oportunas durante o pasado exercicio.

Esta Administración non ten maior ou menor preferencia en contratar con esta entidade ou con calquera outra, sempre que dispoña de permiso de inicio de actividades para desenvolver a súa xestión, porque a prioridade da Xunta son sempre os usuarios.

Debemos ter en conta que a Xunta leva anos concertando prazas con esta entidade, non só con este Goberno, sen ir máis lonxe no ano 2008 había 68 prazas concertadas con preto de 900.000 euros.

Nesta liña, a residencia xestionada polas Escravas da Virxe Dolorosa é a única que conta cun número de prazas autorizadas e dispoñibles, da tipoloxía citada e na área de referencia, polo



tanto, é a única opción dispoñible nestes momentos para atender aos 60 usuarios. Por suposto, esta entidade conta con permiso de inicio de actividades e, polo tanto, está en condicións de xestionar este servizo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.


Santiago de Compostela, 2 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentariás



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



